

## O MISTERIO DA CUBELA

Facemos grupos de 4 – 5 alumnos / as e, a cada grupo, se lle entregará un folio con fotografías das árbores do parque. Cada grupo tratará de localizar a árbore da fotografía e alí atopará unha proba para facer ( a proba estará escondida nun cartucho fotográfico e cada grupo copiará a proba nun folio e volverá a deixar todo como estaba e no seu sitio ). Cando a proba se realiza ou resposta diante do mestre / a buscarán a seguinte. Cada grupo levará unha orde distinta nas fotografías, a fin de evitar que todos coincidan na mesma proba.

### As probas poden ser como as seguintes:

- Tódolos membros do grupo realizarán un percorrido en zancos marcado polo mestre no parque.
- Contar o número de contedores de lixo que hai.
- Cun papel de periódico facer unha bola e, soprando, facer un oito entre as pernas de cada compañeiro / a do grupo.
- Multiplicar o número de bancos polo de farolas.
- O grupo realizara un percorrido marcado cos cordóns das deportivas atados uns a outros.
- Un dos membros do grupo medirá os pasos que hai desde a fonte ata o banco máis cercano e, co resultado multiplicado polo número de segundos que dura o chorro da fonte, escribirá un texto que teña exactamente ese número de palabras acerca do importante que é reciclar.
- Escribir a matrícula de tres coches que aparezan detrás da árbore da fotografía.
- Intercambiarse entre eles unha peza de roupa, de xeito que cada un teña unha doutro compañeiro / a.

Exemplos de fotografias de árvores do parque:



